

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027654	IES Agra de Leborís	A Laracha	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	30

1. Introducción

O eixe do currículo de Lingua Galega e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral e escrita adecuada nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferen-tes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, a interpretación dunha variada tipoloxía de textos e a apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funciona-mento da lingua brinda a ferramenta e a metalinguaxe necesarias para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de comprensión, expresión e recepción crítica. A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura oríentase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia demo-crática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais basea-dos no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contri-búe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Estes obxectivos de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria supoñen unha progresión respecto dos adquiridos na educación primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evo-lución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora, a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das conven-cións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e dáselle un protago-nismo máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos. O primeiro deles oríentase ao recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa con-torna, de Galicia, de España e do mundo, particularmente do ámbito lusófono, co propósito de fa-vorecer actitudes de aprecio a esta diversidade, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á comprensión, pro-dución e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecno-loxía que se desenvolven a través das TIC e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral, o cuarto coa comprensión lectora e o quinto coa expresión escrita. Cómpre salientar que o proceso de ensino e aprendizaxe da lectura debe abordarse desde unha perspectiva ampla, tanto no que se refire á tipoloxía textual e ao propósito comunicativo como ao formato ou canle de difusión dos textos. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización me-diática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo resérvanse para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles. Para cada obxectivo, fórmulanse criterios de avaliación que establecen o nivel de desempeño esperado na súa adquisición. Estes criterios teñen un claro enfoque competencial e atenden tanto aos procesos como aos produtos, o que reclama o uso de ferramentas e de instrumentos de ava-liación variados e con capacidade diagnóstica e de mellora. Espérase que o alumnado sexa quen de activar os coñecementos en situacións comunicativas reais propias dos diferentes ámbitos. De aí a importancia de vertebrar a programación de aula arredor dun conxunto de situacións de aprendizaxe verosímiles e contextualizadas, significativas e relevantes, atendendo á súa gradación e complementariedade, para que ao remate de cada curso consiga traballar de maneira proporcio-nada todos os contidos incluídos no currículo. Dado que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral e tendo en conta o enfoque inequiva-camente global e competencial da educación lingüística, a gradación entre cursos non se establece tanto mediante a distribución diferenciada de contidos coma en función da maior ou menor com-plexidade dos textos, das habilidades de produción ou interpretación requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía conferido ao estudantado. Non se trata de que os coñecementos impartidos nesta materia sexan diferentes entre uns cursos e outros da ESO, a diferenza radica na intensidade e profundidade coa que estes son traballados. Por iso, tanto os contidos coma os criterios de avaliación gardan paralelismo nos diferentes cursos. Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en catro bloques. O primeiro bloque, "As linguas e os seus falantes", correspóndese de maneira directa co primeiro obxectivo. O segundo bloque, "Comunicación", integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfa-betización mediática e informacional, vertebrados ao redor da realización de tarefas de produción, recepción e análise crítica de textos. O terceiro bloque, "Educación literaria", recolle as experien-cias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios e coñecer algunhas obras relevantes da literatura galega e do ámbito lingüístico lusófono, estimulando á vez a escritura creativa con in-tención literaria. O cuarto bloque, "Reflexión sobre a lingua", propón a construción guiada de con-clusións sobre o sistema lingüístico a partir da formulación de hipóteses, da procura de con-traexemplos e do establecemento de xeneralizacións e contraste entre linguas, usando para iso a metalinguaxe específica. A ollada cara á lingua como sistema non ha de ser, polo tanto, un coñe-cemento dado, senón un saber que o alumnado vai construíndo ao longo da etapa a partir de pre-guntas ou de problemas que fan emerxer a reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Servizo prestado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A comunicación oral	Oralidade, estratexias e características	10	10	X	X	X
2	Estrutura da lingua	Morfoloxía, sintaxe, semántica, lexicoloxía.	30	40	X	X	X
3	Educación literaria	A literatura galega do século XX e principios do XXI	40	40	X	X	X
4	Sociolingüística	Linguas en contacto, lusofonía, prexuízizos, interferencias...	20	15	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A comunicación oral	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer e valorar as variantes dialectais do galego, identificando os trazos fónicos, gramaticais e léxicos máis característicos dos bloques e das principais áreas lingüísticas, establecendo as diferenzas respecto da norma e distinguindo estes trazos dos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñecemento das variedades dialectais da lingua	PE	40
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comentario crítico de textos de calquera natureza		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Control de lectura que avalíe a comprensión lectora		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Lectura comprensiva e crítica de textos literarios		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Creación de textos correctos ortográfica, morfolóxica e sintácticamente		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Creación de textos críticos argumentados correctamente		
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación da orixe común do galego e do portugués e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando os trazos lingüísticos máis salientables e ampliando o repertorio léxico en lingua portuguesa.	Lusofonía e relacións históricas co portugués		
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística da contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Identificación de prexuízos, estereotipos e interferencias lingüísticas		
CA1.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada.	Elaboración de traballos de investigación		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Exposición oral correcta	TI	60
CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Exposicións orais e textos argumentados e gramaticalmente correctos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar de maneira activa e axeitada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Oralidade activa e estratexias de cooperación básicas		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificación de prexuízos e discriminacións en textos escritos		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Lectura comprensiva axeitada		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Lectura comprensiva e elaboración de argumentos críticos		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Creación de textos escritos correctos gramatical e estruturalmente		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fenómenos dialectais fónicos, gramaticais e léxicos dos bloques e das áreas lingüísticas do galego. Comparación entre a norma e as variedades dialectais. - Diferenzas entre os trazos dialectais, os sociolectos e os rexistros. - Elaboración de traballos de investigación relacionados con temas de interese académico, persoal ou social. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas. - Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos uso - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A

Contidos

- deliberación oral argumentada. A ex
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: aclarar os propósitos, activar o coñecemento de base, atender os contidos principais, avaliar a consistencia interna entre os contidos e os coñecementos previos, formular e avali
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados, respectando sempre a propiedade intelectual, ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias e modelos de construción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas literarias, debates e emisión razoada das opinións persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do univers
- Lecturas de obras que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras. A subordinación. A consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración composta (subordinada). Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.

UD	Título da UD	Duración
2	Estrutura da lingua	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer e valorar as variantes dialectais do galego, identificando os trazos fónicos, gramaticais e léxicos máis característicos dos bloques e das principais áreas lingüísticas, establecendo as diferenzas respecto da norma e distinguindo estes trazos dos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñecemento de variantes dialectais	PE	25
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Produción de textos correctos desde o punto de vista gramatical		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Produción de textos escritos correctos desde o punto de vista gramatical		
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación da orixe común do galego e do portugués e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando os trazos lingüísticos máis salientables e ampliando o repertorio léxico en lingua portuguesa.	Análise da lusofonía	TI	75
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística da contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Recoñecemento de prexuízos e estereotipos		
CA1.4 - Valorar a lingua éuscara, analizando as súas características máis salientables para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	Análise das variantes lingüísticas de España		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Lectura comprensiva correcta		
CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Exposicións orais e textos escritos correctos		
CA2.3 - Participar de maneira activa e axeitada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Expresión oral correcta		
CA2.4 - Comprender, valorar e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Lectura comprensiva correcta		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Expresión escrita correcta		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e reelaborala e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Análise textual crítica correcta		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Análise crítica da información		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Lectura comprensiva correcta		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Lectura comprensiva crítica correcta		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Lectura comprensiva de textos literarios		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Lectura comprensiva correcta		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Lectura comprensiva correcta		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fenómenos dialectais fónicos, gramaticais e léxicos dos bloques e das áreas lingüísticas do galego. Comparación entre a norma e as variedades dialectais. - Diferenzas entre os trazos dialectais, os sociolectos e os rexistros. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbal - Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As falsas noticias. Valoración - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Correlación temporal na subordinación de oracións e no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

Contidos

- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: aclarar os propósitos, activar o coñecemento de base, atender os contidos principais, avaliar a consistencia interna entre os contidos e os coñecementos previos, formular e avali
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados, respectando sempre a propiedade intelectual, ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias e modelos de construción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas literarias, debates e emisión razoada das opinións persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do univers
- Lecturas de obras que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras. A subordinación. A consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración composta (subordinada). Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC

Contidos

- a través do emprego do dicionario d
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.

UD	Título da UD	Duración
3	Educación literaria	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer e valorar as variantes dialectais do galego, identificando os trazos fónicos, gramaticais e léxicos máis característicos dos bloques e das principais áreas lingüísticas, establecendo as diferenzas respecto da norma e distinguindo estes trazos dos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñecemento de variedades dialectais	TI	100
CA1.4 - Valorar a lingua éuscara, analizando as súas características máis salientables para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	Análise da variedade lingüística de España		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Oralidade e produción de textos correcta		
CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Argumentación crítica correcta		
CA2.4 - Comprender, valorar e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Lectura comprensiva correcta		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Producción de textos escritos gramaticalmente correctos		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e reelabora e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Análise crítica da información		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Lectura comprensiva correcta		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Lectura comprensiva correcta		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Lectura comprensiva correcta		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Lectura comprensiva correcta		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Lectura crítica das obras literarias		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Lectura crítica das obras literarias		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Lectura comprensiva correcta		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Creación de textos escritos crítica e gramaticalmete correctos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Produción de textos escritos gramaticalmente correctos		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Análise crítica de textos		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Lectura comprensiva correcta		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Análise crítica da información		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fenómenos dialectais fónicos, gramaticais e léxicos dos bloques e das áreas lingüísticas do galego. Comparación entre a norma e as variedades dialectais. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As falsas noticias. Valoración - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica

Contidos

- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: aclarar os propósitos, activar o coñecemento de base, atender os contidos principais, avaliar a consistencia interna entre os contidos e os coñecementos previos, formular e avali
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados, respectando sempre a propiedade intelectual, ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias e modelos de construción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas literarias, debates e emisión razoada das opinións persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do univers
- Lecturas de obras que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
4	Sociolingüística	15

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer e valorar as variantes dialectais do galego, identificando os trazos fónicos, gramaticais e léxicos máis característicos dos bloques e das principais áreas lingüísticas, establecendo as diferenzas respecto da norma e distinguindo estes trazos dos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Coñecemento das variantes dialectais da lingua	PE	11
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Lectura crítica de obras escollidas		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Lectura comprensiva de obras escollidas		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Lectura comprensiva correcta	TI	89
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación da orixe común do galego e do portugués e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando os trazos lingüísticos máis salientables e ampliando o repertorio léxico en lingua portuguesa.	Coñecemento da lusofonía e a súa relación co galego		
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística da contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Análise crítica de textos e documentos		
CA1.4 - Valorar a lingua éuscara, analizando as súas características máis salientables para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	Coñecemento da realidade lingüística de España		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada.	Lectura comprensiva e produción textual crítica correctas		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Audición e lectura comprensivas		
CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Produción oral e escrita argumentada de xeito correcto		
CA2.3 - Participar de maneira activa e axeitada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Produción oral correcta e crítica		
CA2.4 - Comprender, valorar e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Lectura comprensiva correcta		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Produción textual gramaticalmente correcta		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e reelabora e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Lectura comprensiva correcta e produción escrita gramaticalmente correcta		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Análise crítica dos medios de comunicación		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Producción textual crítica e gramaticalmente correcta		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificación de prexuízos e usos discriminatorios da lingua		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos, procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Producción oral razoada e pacífica		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Lectura comprensiva axeitada		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Lectura comprensiva e críptica correcta		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Producción textual correcta		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Producción textual correcta		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Lectura comprensiva correcta		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Textos argumentativos correctos		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Lectura e produción textual críticas axeitadas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación do coñecemento do portugués. Semellanzas e diferenzas léxicas entre o galego e o portugués (falsos amigos). - Fenómenos dialectais fónicos, gramaticais e léxicos dos bloques e das áreas lingüísticas do galego. Comparación entre a norma e as variedades dialectais. - Diferenzas entre os trazos dialectais, os sociolectos e os rexistros. - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Indagación sobre os dereitos lingüísticos e a súa expresión en leis e declaracións institucionais. - Valoración e comprensión das principais características do éuscaro. - Elaboración de traballos de investigación relacionados con temas de interese académico, persoal ou social. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais - Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As falsas noticias. Valoración - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Correlación temporal na subordinación de oracións e no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.

Contidos

- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e lingua-xes. Elementos de continuidade e d
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras. A subordinación. A consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración composta (subordinada). Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelánización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía utilizada nas aulas réxese polos seguintes parámetros:

Utilización de metodoloxía activa e interactiva con variación de estratexias de acercamento ao tema tratado (recursos audiovisuais, textos de diferentes tipoloxías, audicións, cuestionarios...). Exposicións moi breves, nomeadamente puntualizacións e aclaración de dúbidas, na presentación dos temas, salvo en momentos en que se precisen explicacións máis extensas.

Realización de actividades e traballos na aula por parte do/a alumno/a sobre cada unha das tarefas presentadas para facilitar a súa asimilación.

Proposta de actividades e reflexión sobre o abordado, a realizar polo alumnado. Posterior corrección ou resolución de dúbidas.

Realización de actividades de aprendizaxe colaborativa.

Utilización dos recursos relacionados coas TICs para fomentar o seu uso e manexo adecuado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libros de texto (Lingua Galega e Literatura 1º, 2º,3º, 4º ESO, Anaya Edicións; 1ºBac. Consorcio Editorial, 2ºBac. Rodeira Edicións)

Utilización de metodoloxía activa e interactiva con variación de estratexias de acercamento ao tema tratado (recursos audiovisuais, textos de diferentes tipoloxías, audicións, cuestionarios...). Exposicións moi breves,

nomeadamente puntualizacións e aclaración de dúbidas, na presentación dos temas, salvo en momentos en que se precisen explicacións máis extensas.

Realización de actividades e traballos na aula por parte do/a alumno/a sobre cada unha das tarefas presentadas para facilitar a súa asimilación.

Proposta de actividades e reflexión sobre o abordado, a realizar polo alumnado na casa. Posterior corrección ou resolución de dúbidas.

Libros de lectura propostos para o nivel

Material didáctico elaborado polo departamento ou o/a profesor/a en particular.

Encerados dixitais, canóns, reprodutor de CDs e iPOD, blogs (biblioteca, profesor/a), cámara de vídeo dixital e gravadora de son.

Páxina web do IES , Abalar e Aula Virtual .

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial utilízase para detectar deficiencias de formación e coñecementos a nivel individual, e así poder establecer un modelo de actuación rápida e tamén para ter unha información básica do coñecemento instrumental básico que cada alumna ou alumno ten da materia, as súas fortalezas e debilidades, adaptado ao seu nivel. As xuntas de avaliación inicial de principio de curso serven para contrastar esta información parcial de cada materia e obter unha información máis completa e global de cada alumna ou alumno.

Será norma deste Departamento realizar unha valoración inicial que poderá incluír modalidade escrita e/ou oral.

O contido da mesma estará en relación cos coñecementos que se lle supoñen adquiridos ao alumnado que entra no nivel.

O departamento conta con modelos de actividades para avaliación inicial por niveis con anexo de autoavaliación. Estas serán entregadas para a súa realización polo alumnado a principio de curso. Non serán cualificadas numericamente e terán efectos meramente informativos.

Poderá recoller os seguintes aspectos adaptados ao curso:

Lectura

Ditado (nos primeiros cursos da ESO)

Comprensión oral e escrita

Producción de textos orais e escritos axustados a un contexto

Manexo de conceptos relativos á cultura, historia da lingua e da literatura galega

Manexo das normas básicas de ortografía e gramática

Actitude cara á materia

Nos primeiros cursos da ESO tamén se poderán incluír exercicios de busca de información (en papel ou non), manexo de dicionarios (en papel ou non) e manexo de ordenadores.

No caso de detectar problemas individuais ou colectivos tentarase facer una valoración das necesidades a ter en conta, que terán que ver con aspectos coma os seguintes:

A nivel individual consultaránse os informes de cursos pasados de docentes e Orientación sobre problemas coma dislexias, dificultades de concentración, de comprensión lectora, de redacción ... que tentarán ser solventados co reforzo e apoio necesario na aula ou fóra dela. Os resultados da avaliación previa servirán de referencia para a adaptación do currículo ás esixencias de cada alumna ou alumno.

O alumnado con necesidades especiais terá un seguimento individual e un reforzo adaptado ás súas características.

O alumnado con altas capacidades terá una adaptación individualizada de acordo ao seu nivel de aprendizaxe.

A nivel colectivo realizaránse traballos e tarefas encamiñados a paliar problemas xerais como a mellora das técnicas de lecto-escritura, a elaboración de esquemas, o razoamento abstracto... dependendo dos resultados da avaliación no grupo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	30	40	20	100
Proba escrita	40	25	0	11	14
Táboa de indicadores	60	75	100	89	86

Criterios de cualificación:

Consideramos que a avaliación é un proceso complexo do que os pais/nais e alumnado debe ter a máxima información.

Recollemos nesta programación aqueles aspectos que observaremos como docentes pero tamén queremos esforzarnos en que pais/nais e alumnado, teña unha documentación sinxela e asequible pola que poida facer un seguimento deste proceso.

Os aspectos xerais que observaremos por alumno/alumna serán os seguintes:

A actitude na aula, en relación co grupo, coa materia e a propia lingua, tendo en conta a participación con propostas ou preguntas pertinentes, as mostras de interese por aprender... O alumnado con dificultades para expresarse en galego, deberá manifestar ao longo dos trimestres esforzo e progreso, incluída a utilización do galego como lingua vehicular nas aulas

As tarefas e probas orais ou escritas

Teranse en conta a coherencia na exposición, a utilización correcta do rexistro, o grao de coñecemento de vocabulario esixible en cada nivel e as faltas de ortografía.

O traballo diario: atención activa ás explicacións, participación activa e construtiva, reflexión individual posterior, realización das tarefas e interese na resolución das dificultades.

Lecturas para cada nivel propoñeranse lecturas. A avaliación das lecturas poderá basearse en actividades de diferente natureza (probos orais e/ou escritas, traballos de investigación...) que se especificará por grupos e trimestres.

Os cadernos (traballados) e o material, presente, organizado e disposto para o traballo.

As intervencións de aula.

A evolución na traxectoria académica.

Faltas de ortografía: A avaliación das faltas de ortografía inclúese nos estándares. Como punto de referencia para tratar as faltas de ortografía

seguirase os seguintes parámetros

Considéranse faltas graves:

A valoración por regra xeral, será a seguinte:

Os tiles diacríticos.

As faltas b/v; h/0, maiúsculas ...

Os castelanismos sintácticos, léxicos ou semánticos.

Erros graves na utilización dos signos de puntuación que inflúan na comprensión do texto...

Considéranse faltas leves:

Resto dos tiles

Dialectalismos da zona

A ortografía incorrecta de palabras moi cultas ou de moi pouco uso.

Criterios de recuperación:

Haberá posibilidade de recuperar as probas, actividades ou tarefas avaliadas de acordo co establecido polas docentes e con procedementos similares aos xa empregados. Ao final de curso o alumnado deberá obter unha puntuación mínima de cinco para superar a asignatura.

6. Medidas de atención á diversidade

Se houber alumnos con necesidades educativas especiais incorporárase á programación a adopción das medidas que se establezan, logo de coordinar co Departamento de Orientación.

Á parte de medidas especiais propostas polo Departamento de Orientación, e tendo en conta os resultados da avaliación inicial, deseñaranse:

- Adaptacións curriculares.

- Actividades de reforzo para aqueles/as que teñan algunha dificultade.

- Actividades de ampliación para quen o precise.

- Tamén se terá en conta ao alumnado con altas capacidades, que terá un seguimento individualizado procurando ofrecerlle actividades estimulantes adaptadas ao seu nivel de aprendizaxe.

- En caso de ser necesario, tamén se terá en conta a posibilidade de establecer contratos condutuais.

Para que todas estas medidas queden recollidas e sexa fácil a súa difusión sobre todo entre as familias, o departamento deseñou o documento que se achega.

SEGUIMIENTO DO ALUMNADO CON NNEE:

a.- MEDIDAS DE REFORZO:

Os documentos que recollen as medidas de reforzo individualizadas postas en marcha custódiense no Departamento de Orientación.

En xeral as medidas serán as seguintes:

- Seguimento individualizado durante o curso
- Probas adaptadas a cada necesidade específicas:
 - * Destacar as palabras clave
 - * Tamaño de letra axeitado
 - * Espazos en branco para respostas
 - * Máis tempo para a resolución das probas
 - * División das probas en partes
- Adaptación da metodoloxía :
 - * Lecturas específicas
 - * Exercicios específicos
- Adaptación dos instrumentos avaliación:
 - * Probas orais
 - * Entrega de traballos individualizados

b.- ADAPTACIÓNS CURRICULARES:

Os documentos que recollen as AC individualizadas postas en marcha custódiense no Departamento de Orientación.

c.- ATENCIÓN A ALTAS CAPACIDADES:

Dado que se presenta alumnado con altas capacidades ou que roza as altas capacidades, o Departamento propón as seguintes medidas:

- Seguimento individualizado
- Proposta de actividades que poidan resultar estimulantes:
 - * traballos de investigación
 - * obradoiros literarios
 - * traballos a partir de lectura de libros
 - * propostas de participación en concursos
 - * aprendizaxe cooperativa
 - * exposición de traballos de investigación
 - * proposta de traballos de creación literaria
 - * material diverso para os mesmos contidos
 - * diferentes formas de avaliar os mesmos contidos

d.- OUTRAS:

Para alumnado con circunstancias especiais poderase desañar un plan individualizado para a consecución de obxectivos.

e.- COORDINACIÓN

- Co Departamento de Orientación
- Coa dirección do centro
- Cos membros do departamento
- Cos Servizos Sociais do concello
- Coas familias
- Cos distintos especialistas que seguen a traxectoria do alumnado
- Cos servizos específicos da Consellería de Educación

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - TIC	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento e iniciativa empresarial	X	X	X	X
ET.6 - Educación Cívica e Constitucional	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero e prevención de calquera tipo de violencia	X	X	X	X
ET.8 - Resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X

Observacións:

Unha das vertentes dos obxectivos xerais da área é o desenvolvemento do pensamento crítico do individuo que adquirirá a súa verdadeira dimensión se o contextualizamos na realidade da sociedade. Así pois trataremos os temas transversais primarios nos obxectivos básicos dentro da nosa área, sempre englobados no marco máis xeral de interdisciplinariedade. Estes temas básicos que estarán sempre presentes nas nosas aulas, independentemente daqueles que priorice no centro para cada curso son:

CL:Comprensión lectora

EOE:Expresión oral e escrita

CA:Comunicación audiovisual

TIC:Tecnoloxías da información e da comunicación

E:Emprendemento.

ECC:Educación cívica e constitucional

IEHM: Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres

PVX: Prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade

PRPC. Prevención e resolución pacífica de conflitos

PI: Principio de igualdade de trato e non discriminatorio por calquera condición ou circunstancia persoal e social (valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.)

EEIE: Espírito emprendedor e a iniciativa empresarial

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Espectáculos teatrais, obradoiros, elaboración de materiais didácticos....	En relación co ofertado polo centro e por institucións varias	X	X	X
Concurso Dores Gestoso	Concurso literario e audiovisual			X
Visitas culturais e e roteiros literarios	Relacionados con autores ou eventos vencellados á nosa cultura	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Colaboración coa Biblioteca en actividades varias	Concursos, exposicións, elaboración de material...	X	X	X

Observacións:

ACTIVIDADES NO CENTRO:

Ao redactarse esta programación antes da reunión de Seminario en que se decide e toma acta das actividades, tanto complementarias coma extraescolares, que se van realizar durante o curso, só podemos ofrecer información xeral. A concreción destas actividades reflectirase na correspondente acta do seminario á que remitimos para obter información concreta sobre este apartado.

Con carácter xeral, o Departamento acostuma sumarse a todas as actividades que conmemoren eventos de interese relacionados coa materia de LG e Literatura, como pode ser a celebración do Día das Letras Galegas.

Outras actividades:

Recitais poéticos, conferencias, espectáculos teatrais, exposicións...

Concurso Dores Xestoso

Concurso de relato oral (fase I de centro; no "Tíralle da lingua").

Actividades de animación á lectura, cunha actividade específica relacionada coa BE

Actividades plurilingües (coa colaboración da Biblioteca e os Departamentos das diferentes linguas do currículo)

ACTIVIDADES FÓRA DO CENTRO:

Con carácter orientativo mantemos as actividades que se programaron o curso pasado, a pesar de que non todas se puideron realizar

Participación no CORRELINGUA, na Coruña.

Concurso do relato oral "Tíralle da lingua"; fase II, en Santiago.

Visita á Real Academia e o Museo Pardo Bazán na Coruña

Visionado dalgún espectáculo teatral ou calquera outra actividade cultural que o departamento considere conveniente para un determinado nivel educativo, que poida xurdir durante o curso.

Roteiros literarios, aínda por determinar, distribuídos ao longo do ano en relación cos clásicos da literatura galega: Pondal, Rosalía, Castelao, Blanco-Amor, Cunqueiro ...

Roteiro botánico-lingüístico polo río Anllóns en colaboración co departamento de Bioloxía.

Viaxe a Portugal ou encontro con alumnado portugués.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Rúbrica específica
Metodoloxía empregada
Rúbrica específica
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Rúbrica específica

Medidas de atención á diversidade
Rúbrica específica
Clima de traballo na aula
Rúbrica específica
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Rúbrica específica
Outros
Rúbrica específica

Descrición:

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Realización dunha avaliación inicial que posibilite unha sondaxe do nivel do alumnado na aula. A partir desta avaliación tomaranse as primeiras medidas de adaptación do programado.

Realización de probas ao alumnado coa súa posterior corrección segundo os criterios de avaliación expostos na programación didáctica da materia; a revisión das mesmas coa conveniente explicación e reflexión sobre os obxectivos acadados e aqueles que estaban previstos pero que non se lograron.

Este apartado servirá para realizar unha posterior revisión da profesora sobre a súa práctica docente que vaia encamiñada a optimizar os logros académicos na medida do posible.

Ao final de cada trimestre e antes de cada xunta de avaliación realizarase oralmente ou por escrito na aula unha reflexión individualizada e de grupo. Esta reflexión servirá para axustar medidas de mellora encamiñadas a acadar mellores resultados individuais, conseguir un mellor clima de cooperación, insistir en que o proceso de aprendizaxe conleva o compromiso de todos e todas...

Incidirase polo menos nos seguintes aspectos:

- Ao alumnado preguntáraselle se sabe ou entende o seu resultado en primeiro lugar e a súa opinión dos logros acadados no grupo en xeral.
- Solicitaráselle o seu parecer sobre o volume da materia impartida na avaliación -escaso, excesivo, adecuado- e se se axustou o tempo empregado para asimilar cada contido.
- Interesa tamén coñecer a súa opinión sobre se os logros se corresponden cos esforzos realizados por eles/elas.
- Falarase tamén da adecuación dos recursos empregados na práctica docente e solicitaráselle propostas que sexan razoables para mellorar.

A docente poderá facer tamén oralmente a súa avaliación dos logros acadados na aula en xeral e polo alumnado, incidindo ademais na motivación e interese, os comportamentos disruptivos que puidese haber, o ambiente xeral da clase para impartir a materia, a ubicación do alumnado na aula,...

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e de cualificación serán avaliados ao longo do curso. Comprobaremos se os materiais e os recursos utilizados son os adecuados, e en caso de observar algunha deficiencia ou inadaptación, ofertaremos novos procedementos que poidan ser máis eficientes.

Creemos que a nosa relación co alumnado, o intercambio de opinións ou valoracións pode resultar enriquecedor. Neste punto o proceso de autoavaliación por parte do profesorado será unha constante, reflexionando sobre a adecuación dos obxectivos didácticos e a selección de contidos, a pertinencia das actividades propostas, a secuenciación seguida na súa realización, a adecuación dos materiais empregados, o nivel axeitado de interacción entre o alumnado e o

clima comunicativo que se establece na aula.

Asimesmo farase unha análise cualitativa dos resultados obtidos e tomaranse decisións que poden afectar á programación establecida. Calquera cambio substancial farase constar en acta.

A avaliación concretarase nos seguintes criterios:

Coordinación entre o profesorado do Departamento didáctico.

Posta en práctica dos acordos asumidos.

Validez dos acordos para resolver problemas e necesidades.

Aparición de problemas ou necesidades non previstas que esixan ser consideradas.

Validez dos acordos para alcanzar os obxectivos establecidos.

Adecuación da temporalización marcada para as unidades didácticas.

Adecuación da organización da aula e das actividades para a adquisición das capacidades establecidas.

Validez dos criterios de avaliación para guiar o proceso de avaliación.

Validez dos instrumentos de avaliación.

Análise trimestral da programación que se recollerá na acta correspondente

Ao finalizar o curso ponderarase o resultado, farase unha análise cualitativa dos resultados e realizarase unha toma de decisións para a posible revisión da programación didáctica do curso seguinte.

Recollida de propostas exitosas do curso anterior.

9. Outros apartados